


Miltempos

: 00000626
: Araúxo, Emilio
: Miltempos
: Fóra de Colección
: 978-84-946837-0-1

:
278 páx. 180x130mm

: 16,00€



:

Un vagantío de visibilidade desaparecente. Agros. Cada pedra de soidade, unha ética que transmilenariza a dispersión de xestos pensantes, a distancia de paz desde a fronte das vacas. Inaudible, cando tropeza coa fronte, o óso de aire do sabugueiro medrando dentro das casas na aldea. Nunha túnica agora de imaxe, na brancura tecida de liño e de olvido. "Unha primeira vez, a man pregada sae da terra e agarra unha luz de nube. Unha segunda vez, afloxa os vencillos saudando o aire e o país que rodea a roupa. Despois, indica a dirección polo pulgar e os seus axudantes a fai unha sombra coma unha espiga ou unha rama de horizonte". "Toda esta rapsodia, en negro e gris co branco, é un himno á inocencia da que o burro final, coa poza da súa sombra, é un símbolo". "A fotografía é nacemento. Nacemento prolongado das datas e dos xestos". "Unha foto dinos o que no se poder ver (Non se tivo o tempo de velo). As fotos como se o real nos acollese nunha intimidade: soamente a podemos soñar via no momento no que non a vimos".

Fóra de Colección: